



Concello de
OURENSE

38/21. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9 DE SETEMBRO DE 2021

Na cidade de Ourense, o nove de setembro de dous mil vinte e un, sendo as oito horas e trinta minutos (8h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **Don Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **Don Telmo Manuel Ucha Álvarez, Don Jorge Pumar Tesouro, Dona Ana María Fernández Morenza, Dona Flora Moure Iglesias e Don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta, -asisten como invitados: A Oficial Maior, dona Silvia Alonso Fernández; o Interventor Municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez; e o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez -non asiste a letrada, dona Ana Blanco Nespereira-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

APROBACIÓN ACTA

1.- Aprobouse por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), a acta de sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 2 de setembro de 2021.

SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA

LICENZAS

2.- D^a María del Pilar Novoa Carcacia presenta recurso potestativo de reposición. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2020020927.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Estimar o recurso de reposición interposto por dona María del Pilar Novoa Carcacia contra o Acordo número 10 da Xunta de Goberno Local de data 6 de maio do 2021, polo cal concedeuse a "Promociones Ouluva, S.L." licenza urbanística de obra para proxecto básico de construción de edificio de vivendas sito na Avenida de Bos Aires, número 25 e rúa Catro Camiños, número 2, **anulando e deixando sen efecto** o disposto no Acordo número 10 da Xunta de Goberno Local de data 6 de maio do 2021.

O presente acordo tomase en base o informe técnico da Arquitecta Municipal do día 25 de xuño do 2021 e do informe xurídico de data 2 de setembro do 2021, que forman parte desta resolución e os cales trasladaranse o interesado os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que é firme en vía administrativa, só se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da recepción da



notificación do mesmo. Todo elo sen perxuízo da interposición de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

3.- D. Manuel Durán Arriero, proxecto básico e de execución de reforma interior de vivenda sita As Lagoas, núm. 9 - 4ª. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021008758.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a don Manuel Durán Arriero licenza urbanística de obra para proxecto de reforma interior de vivenda sita na rúa As Lagoas número 9 – 4ª “A”-, en solo urbano, segundo proxecto redactado polo arquitecto don Manuel Durán Arriero, quen asume a dirección das obras, e cun orzamento de execución material de 62.847,64 Euros.

2.- Requerir á solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

O presente acordo tomase en base os informe da Arquitecta Municipal de data 14 de xullo do 2021 e o informe xurídico de data 3 de setembro do 2021, que trasladarase os interesados os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen perxuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións xerais:

1. - Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2. - Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3. - O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.





4. - Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valla a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, a valla colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse a valla sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrelazadas. Non se autorizan vallas de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.
- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.
- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 352/2002, de 5 de decembro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar ca preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

APERTURAS

4.- "IBERMUTUAMUR, MUTUAS DE ACCIDENTES DE TRABAJO Y ENFERMEDADES PROFESIONALES DE LA SEGURIDAD SOCIAL N.º 274".- Expediente de Aperturas 2020020967. Licenza de obra e de actividade para proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para Centro Asistencial na rúa Bernardo González Cachamuiña, nº 14-16.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar a petición de "IBERMUTUAMUR, MUTUAS DE ACCIDENTES DE TRABAJO Y ENFERMEDADES PROFESIONALES DE LA SEGURIDAD SOCIAL N.º 274", co CIF.- G81939217, o proxecto básico e de execución de acondicionamento de local para Centro Asistencial na rúa Bernardo González Cachamuiña número 14-16, consonte o proxecto presentado e redactado pola arquitecta dona María José Gálvez Piqueras quen asume a dirección das obras, cun orzamento de execución material de 828.012,80 €, de conformidade cos informes técnicos e xurídico emitidos ao respecto.

2.- Requerir ó interesado para que achegue o certificado final de obra, asinado polo técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, advirtíndolle que non exerza actividade en canto non obteña a preceptiva licenza de ocupación e o conforme da actuación comunicada.



O presente acordo tomase en base os informes da Arquitecta Técnica Municipal de data 4 de maio do 2021; do Arquitecto Municipal do Servizo contra Incendios e de Salvamento de data 27 de agosto do 2021; do informe da Enxeñeira Técnica Industrial Municipal de Control Acústico de data 8 de abril do 2021, e, o informe xurídico de data 31 de agosto do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse os interesados os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen perxuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións xerais:

1. - Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2. - Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3. - O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4. - Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

- En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valla a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, a valla colocase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse a valla sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan vallas de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.
- Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abran cara a dentro.
- Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.





- Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.
- Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.
- En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.
- Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar ca preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

DISCIPLINA

5.- D.U 2020012066. Demolición de vivenda na rúa Burata nº 9.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Estimar o recurso de reposición interposto por dona Mónica Cruz Diéguez e dona Montserrat Cruz Diéguez contra o Acordo número 9 da Xunta de Goberno Local de data 5 de agosto do 2021, polo cal aprobouse a liquidación definitiva dos gastos que implicou a execución material das obras de demolición da vivenda sita rúa Burata número 9 -coa referencia catastral 001901800NG98E0001OU- e requiriuse a parte dos titulares para que procedesen o abono da cantidade da liquidación definitiva aprobada polos gastos que implicou a execución material das obras de demolición da vivenda referida. Anulando e deixando sen efecto o disposto no Acordo número 9 da Xunta de Goberno Local de data 5 de agosto do 2021, retrotraendo o expediente o momento de concesión do preceptivo trámite de audiencia previa a resolución os titulares catastrais do inmovible.

O presente acordo tomase en base o informe xurídico de data 7 de setembro do 2021, que forman parte desta resolución e os cales trasladaranse o interesado os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que é firme en vía administrativa, só se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da recepción da notificación do mesmo. Todo elo sen perxuízo da interposición de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

6.- DU 2017011776. Declaración de ruina de dous inmoables na Rúa Vertedorio.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

I.- “1.- Declarar, de oficio, en situación de ruína o inmovible sito na rúa Ponte Lonía esquina rúa Vertedorio, A Lonía, coa referencia catastral 4992801NG9849S0001WE, de conformidade cos informes técnicos do Aparellador Municipal de datas 28 de xaneiro e 19 de xullo do 2021 e do informe xurídico de data 7 de setembro do 2021. De conformidade co disposto no artigo 141 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e artigos 341 e seguintes do Decreto 143/2016, de 22



de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

2.- Acordar a demolición do inmovible sito na rúa Ponte Lonia esquina rúa Vertedoiro, A Lonia, coa referencia catastral 4992801NG9849S0001WE; demolición que deba executarse pola propiedade no prazo dun mes de conformidade co artigo 345 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

3.- Ordear de xeito inmediato a Policía Local que prohiba o acceso a persoas o inmovible.

4.- Dar traslado do presente acordo xunto cos informes técnicos do Aparellador Municipal de datas 28 de xaneiro e 19 de xullo do 2021 e do informe xurídico de data 7 de setembro do 2021, aos propietarios do inmovible sito na rúa Ponte Lonia esquina rúa Vertedoiro, A Lonia, coa referencia catastral 4992801NG9849S0001WE, aos efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen perxuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

II.- “1.- Declarar, de oficio, en situación de ruína o inmovible sito na rúa Ponte Lonia número 3, esquina rúa Vertedoiro, A Lonia, coa referencia catastral 4892215NG9849S0001HE, de conformidade cos informes técnicos do Aparellador Municipal de datas 28 de xaneiro e 19 de xullo do 2021 e do informe xurídico de data 7 de setembro do 2021. De conformidade co disposto no artigo 141 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Suelo de Galicia e artigos 341 e seguintes do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Suelo de Galicia.

2.- Acordar a demolición do inmovible sito na rúa Ponte Lonia número 3, esquina rúa Vertedoiro, A Lonia, coa referencia catastral 4892215NG9849S0001HE; demolición que deba executarse pola propiedade no prazo dun mes de conformidade co artigo 345 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Suelo de Galicia.

3.- Ordear de xeito inmediato a Policía Local que prohiba o acceso a persoas o inmovible.

4.- Dar traslado do presente acordo xunto cos informes técnicos do Aparellador Municipal de datas 28 de xaneiro e 19 de xullo do 2021 e do informe xurídico de data 7 de setembro do 2021, aos propietarios do inmovible sito na rúa Ponte Lonia número 3, esquina rúa Vertedoiro, A Lonia, coa referencia catastral 4892215NG9849S0001HE, aos efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso



sen perxuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO

XESTIÓN URBANÍSTICA

7.- Aprobación obras ordinarias de urbanización da parcela "A" de Cesión Municipal; XESTIÓN URBANÍSTICA 2019016079.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

- 1.- Aprobar** a pedimento de don Modesto Prada Posa o proxecto de obras ordinarias de urbanización na rúa Ponte Loña segundo documento redactado polo enxeñeiro de camiños don Daniel Durán Arriero, cun orzamento de execución material de 129.141,71 euros polas razóns expostas no informe do Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística de 6 de setembro de 2021 que se achegará ó interesado ós efectos de motivación deste acordo.
- 2.-** Durante a execución das obras deberán de respetarse de xeito estrito as condicións contidas na Resolución de 17 de setembro de 2019 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e nos informes do Servizo de Infraestruturas de 1 de decembro de 2020, 1 e 13 de febreiro de 2021.
- 3.- Requerir** ao promotor para que proceda a nomear a dirección técnica das obras ordinarias de urbanización que será comunicado a este servizo con carácter previo o inicio das mesmas.
- 4.-** Asemade, deberá de **solicitar** á Confederación Hidrográfica do Miño – Sil O. A. a autorización prevista no artigo 9.4 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico para a execución das obras por atoparse na zona de policía do cauce do Río Loña.
- 5.- Notificar** este acordo ao solicitante e comunicar este acordo ao Servizo de Licenzas Urbanísticas para a súa constancia nos expedientes de solicitude de licenza de obra relacionados con este proxecto.

RÉXIME DE RECURSOS- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen perxuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

PATRIMONIO



8.- Reclamación de responsabilidade patrimonial por danos causados nun fito H-75 na rúa Álvaro Cunqueiro. Expediente núm. 2018040254.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Requerir a dona Rosa Mejuto López (NIF ***8093**) para que pague ao Concello de Ourense a suma de oitenta e cinco euros con catorce céntimos (85,14 €) en concepto de indemnización polos danos causados nun fito de plástico H – 75 situado na rúa Álvaro Cunqueiro, o día 30 de agosto de 2018, cando conducía o vehículo marca Peugeot, modelo 205, con matrícula PO-4383-AT, debendo facer o pagamento mediante ingreso mediante carta de pagamento emitida polo servizo de Facenda, sendo responsable solidaria a compañía aseguradora MAPFRE FAMILIAR SEGUROS (NIF B97644710) advertíndolles que de non facer o pagamento no prazo de dez días porase en coñecemento da avogacía consistorial para que exercite as accións legais oportunas.

2.- Que no caso de que non se atenda o requirimento de pagamento a avogacía consistorial exercite as accións xudiciais oportunas para obter o resarcimento dos danos causados por dona Rosa Mejuto López nun fito de plástico H – 75 situado na rúa Álvaro Cunqueiro, o día 30 de agosto de 2018, cando conducía o vehículo marca Peugeot, modelo 205, con matrícula PO-4383-AT e dos que é responsable solidaria e a compañía aseguradora MAPFRE FAMILIAR SEGUROS.

3.- Notificarlle a dona Rosa Mejuto López e a compañía aseguradora MAPFRE FAMILIAR SEGUROS o informe xurídico de data 2 de setembro de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

9.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na Rúa do Paseo. Expediente núm. 2020038552.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Considerar a dona María Concepción Cid Paz desistida da súa solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na rúa do Paseo, o día 15 de xullo de 2021, por non reunir esta os requisitos legalmente esixibles segundo o disposto no artigo 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e non atender a interesada ao requirimento para completala.

2.- Arquivar o expediente.

3.- Notificarlle a dona María Concepción Cid Paz o informe xurídico de data 1 de setembro de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da





Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

10.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos causados polo vehículo con matrícula 8433-BVM nun sinal vertical (R-101 y R-400 b a) situado na rúa Coto Novelle – rúa Serra de Queixa. Expediente núm. 2020022478.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Requirir a don José Antonio Velásquez Castañeda (NIE ****5319*), para que pague ao Concello de Ourense a suma de noventa e tres euros con corenta e tres céntimos (93,43 €) en concepto de indemnización polos danos causados nun sinal vertical (R-101 y R-400 b a) situado na rúa Coto Novelle – rúa Serra de Queixa o día 25 de febreiro de 2020, cando conducía o vehículo marca Citroen, modelo Focus C-, con matrícula 8433-BVM, debendo facer o pagamento mediante ingreso mediante carta de pagamento emitida polo servizo de Facenda, sendo responsables solidarias a compañía aseguradora Seguros Bilbao (NIF A48001648) e don Juan Estévez Sánchez, titular do automóbil, advertíndolles que de non facer o pagamento no prazo de dez días porase en coñecemento da avogacía consistorial para que exercite as accións legais oportunas.

2.- Que no caso de que non se atenda o requirimento de pagamento a avogacía consistorial exercite as accións xudiciais oportunas para obter o resarcimento dos danos causados por don José Antonio Velásquez Castañeda nun sinal vertical (R-101 y R-400 b a) situado na rúa Coto Novelle – rúa Serra de Queixa o día 25 de febreiro de 2020, cando conducía o vehículo marca Citroen, modelo Focus C-, con matrícula 8433-BVM, e dos que son responsables solidarios don Juan Estévez Sánchez, titular do automóbil, e a compañía aseguradora Seguros Bilbao.

3.- Notificarlle a don José Antonio Velásquez Castañeda, don Juan Estévez Sánchez e á compañía aseguradora Seguros Bilbao o informe xurídico de data 1 de setembro de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.



11.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos causados nun colector de lixo na rúa Galicia. Expediente núm. 2020029801.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Corrixir o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 12 de agosto de 2021 no seu punto 3 que queda redactado do seguinte xeito:

“3.- Notificarlle a don Jorge André Martín, á mercantil Viguesa de Transporte, SL e a compañía aseguradora Allianz o informe xurídico de data 2 de agosto de 2021 para os efectos de motivación.”

O resto do acordo permanece igual.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

12.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos causados nun sinal vertical situado entre a rúa Antonio Faílde Gago e a rúa Luis Trabazos. Expediente núm. 2021002718.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Único.- Corrixir o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 19 de xullo de 2021 no seu punto 1, que queda redactado do seguinte xeito:

“1.- Requirir a don Samuel Díaz de Alonso (NIF ***1824**) para que pague ao Concello de Ourense a suma de cento nove euros con oitenta e un céntimos (109,81€) en concepto de indemnización polos danos causados nun sinal vertical situado entre a rúa Antonio Faílde Gago e a rúa Luis Trabazos, cando conducía o vehículo marca Volkswagen, modelo Golf, con matrícula 7999-HLF, debendo facer o pagamento mediante ingreso mediante carta de pagamento emitida polo servizo de Facenda, sendo responsables solidarios a compañía aseguradora Línea Directa (NIF A-80871031) e o titular do automóbil, don Julio Díaz Touza (NIF ***7671**) advertíndolles que de non facer o pagamento no prazo de dez días porase en coñecemento da avogacía consistorial para que exercite as accións legais oportunas.”

O resto do acordo permanece igual.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a



partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

13.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados nun vehículo por operarios municipais. Expediente núm. 2019036083.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Santiago Mera da Silva polos danos ocasionados no seu vehículo, matrícula 6986 HKN, por operarios municipais, o día 31 de xullo de 2019, cando realizaban traballos de roza nas inmediacións do xardín botánico.

2.- Valorar os danos en douscentos dezasete euros con oitenta céntimos (217,80 €).

3.- Aprobar e dispoñer o gasto e recoñecer a obrigaición a favor de don Santiago Mera da Silva, con DNI ***6547**, polo importe de douscentos dezasete euros con oitenta céntimos (217,80 €) en concepto de indemnización por responsabilidade patrimonial con cargo á partida orzamentaria 120.9200.22639.

4.- Darlle traslado deste acordo á Tesourería Municipal para os efectos oportunos.

5.- Notificarlle a don Santiago Mera da Silva e aos demais interesados o informe xurídico de data 9 de agosto de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

ASUNTOS SOCIAIS

14.- Convalidación de acto administrativo relativo á omisión da función interventora de fiscalización previa nas facturas de aluguer local na rúa Francisco de Moure n.º 2 baixo. Expediente: 2021032951.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:



Primeiro.- Convalidar a omisión da función interventora do acordo que modificou as condicións contractuais inicialmente pactadas, na que ante a necesidade de contención do gasto municipal e de racionalizar o uso dos recursos dos que dispón o Concello, desde a Concellería de benestar social, revisáronse os contratos de alugueiro adicados aos servizos desta área. Constatada a variación á baixa dos prezos do mercado de aluguer, e segundo a negociación levada a cabo co representante dos propietarios do local “Lampazas S.L.”, modificouse a renda mensual.

Segundo.- Aprobar e dispoñer o gasto e recoñecer a obriga a favor de Lampazas S.L co CIF B32006298, unha indemnización substitutoria por importe de 4.770,44 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 140.2310.20200 “Aluguer locais. Acción Social” do orzamento vixente, en concepto abono de aluguer correspondente ao exercicio 2021 das facturas núm. FAL298 FAL 363, FAL425 e FAL486 correspondentes os meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2021 (RC núm. 202100006064).

Terceiro.- Dar traslado deste acordo a Tesourería municipal aos efectos do seu reflexo na contabilidade municipal.

CONCELLERÍA DE RECURSOS HUMANOS

15.- Subsanación de erro de transcripción no punto 13 do acordo da Xunta de Goberno local de 26 de agosto de 2021, referido a modificación do artigo 21 do acordo regulador das condicións de traballo dos empregados públicos do Concello de Ourense. (Expte. Núm. 2021025083).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

1º) Rectificar o punto 13 do acordo de Xunta de Goberno Local celebrado en sesión ordinaria de 26 de agosto de 2021, no seguinte senso:

Onde di: “Ratificar a aprobación da modificación do artigo 21 do Acordo regulador das condicións de traballo para os empregados públicos do Concello de Ourense, publicado no BOP nº 35, de 11 de febreiro de 2013, conforme aos acordos acadados coas organizacións sindicais no seo da Mesa Xeral de Negociación en data 16 de xullo e 1 de xullo de 2021, quedando redactado o dito artigo 21 nos seguintes termos” **debería dicir:** “Ratificar a aprobación da modificación do artigo 21 do Acordo regulador das condicións de traballo para os empregados públicos do Concello de Ourense, publicado no BOP nº 35, de 11 de febreiro de 2013, conforme aos acordos acadados coas organizacións sindicais no seo da Mesa Xeral de Negociación en data 16 de xuño e 1 de xullo de 2021, quedando redactado o dito artigo 21 nos seguintes termos”.

Quedando redatado do seguinte modo:

“1º) Ratificar a aprobación da modificación do artigo 21 do Acordo regulador das condicións de traballo para os empregados públicos do Concello de Ourense, publicado no BOP nº 35, de 11 de febreiro de 2013, conforme aos acordos acadados coas organizacións sindicais no seo da Mesa Xeral de Negociación en data 16 de xuño e 1 de xullo de 2021, quedando redactado o dito artigo 21 nos seguintes termos:

“Artigo 21. Gratificacións por traballos extraordinarios.

1. Como regra xeral non se realizarán traballos extraordinarios fóra da xornada normal, salvo as excepcións necesarias, e co tope máximo establecido pola lexislación vixente. Só se retribuirán aqueles traballos que fosen previamente autorizados pola Alcaldía ou polo concelleiro delegado de Persoal. Exceptúanse da regra anterior os traballos necesarios para prever ou reparar sinistros e outros danos extraordinarios e urxentes e neste caso xustificáranse unha vez realizados, nun prazo non superior a 5 días hábiles. Cando exista a necesidade de realizar traballos





extraordinarios repartiranse de forma equitativa entre o colectivo afectado, contando coa voluntariedade dos traballadores previamente manifestada no seu caso.

2. Mensualmente se informará aos representantes dos traballadores de todo o que atinxa a gratificacións.

3. O importe da hora extra por grupo ou subgrupo será de 24 €. No caso de optarse pola compensación en días de descanso, esta farase efectiva nos catro meses seguintes ao da realización das horas extras, previo informe favorable do xefe de Servizo e non se poderán acumular coas vacacións. Os días de libranza por horas extraordinarias compensaranse na proporción de 1 día de descanso por cada 5 horas. En todo caso, recoñécese o dereito do traballador para optar entre a retribución das horas ou a libranza de días.

No caso de que non se chegase ao mínimo de 5 horas realizadas poderanse acumular no seguinte mes. O abono desta compensación farase ao finalizar cada trimestre natural.

Se os traballos se realizan en horario nocturno ou festivo, as cantidades sinaladas incrementaranse nun 20%, tanto en importe económico como en compensación horaria. Estas cantidades aumentaranse anualmente co incremento sinalado nos orzamentos xerais do Estado en materia de retribucións de funcionarios”.

2º) A presente modificación unha vez ratificada a súa aprobación pola Xunta de Goberno, **presentarase** ante a autoridade laboral competente aos efectos de rexistro, depósito e posterior publicación no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto no artigo 38.6 do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público e 154.6 da Lei do emprego público de Galicia.

3º) A modificación do artigo 21 do Acordo Regulador **entrará en vigor** a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, aplicándose con efectos retroactivos os servizos extraordinarios prestados a partir do 1 de xullo de 2021.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día hábil seguinte á publicación do texto íntegro da modificación do acordo regulador no Boletín Oficial da Provincia”.

CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E SEGURIDADE CIDADÁ

PARTICIPACIÓN

16.- Convocatoria de subvencións a Asociacións de veciños para o funcionamento e a realización de programas ou actividades a favor do asociacionismo veciñal para o ano 2021. (Expediente 2021028983).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Retirar este asunto da orde do día para un mellor estudo.

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

17.- Aprobar, se procede, a actualización das instalacións semaforicas e de control de tráfico, sistema TVCC e sala de control do Concello de Ourense (Expte. 2020006075).



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

Retirar este asunto da orde do día para un mellor estudo.

18.- Darse por enterada da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data.

Ningunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión ás oito horas e corenta e cinco minutos (8h:45'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

